



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Decembro 2023

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2024

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Decembro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en decembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 1,5%, menos que no conxunto de España, 3,4%. No conxunto do ano, o índice medrou un 3,2% en Galicia e un 6,1% en España.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 3,0% e no Resto de produtos un 5,7%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas no mes de decembro e na media do ano 2023.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 3,9% en Galicia no mes de decembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 5,8%. No conxunto do ano, rexistra un incremento do 5,9% en Galicia e do 8,9% en España.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,4% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado. En media, no ano 2023 o persoal ocupado medra un 1,0% en Galicia e un 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas no mes de decembro agás en Extremadura. Na media do ano a ocupación crece en catorce comunidades.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Decembro 2023

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice | Variacións (%) | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|--------|----------------|------------|
| | | Interanual | Media 2023 |
| Xeral | 127,9 | 1,5 | 3,2 |
| Xeral sen estacións de servizo | 130,6 | 3,8 | 4,6 |
| Alimentación | 115,1 | 3,0 | 0,4 |
| Resto | 146,4 | 5,7 | 10,1 |

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 1,5% en Galicia en decembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 3,4% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 3,8% en Galicia e un 5,5% en España respecto a decembro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 3,0% e no conxunto de España un 2,0%.
- O Resto de produtos crece un 5,7% en Galicia e un 9,9% no conxunto do Estado.

No conxunto do ano, o índice xeral aumenta un 3,2% en Galicia e un 6,1% en España. As vendas en Alimentación medran un 0,4% en Galicia e un 1,4% en España; no Resto de produtos aumentan un 10,1% en Galicia e 14,9% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,4%.


O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.



2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (5,6%) e Cataluña (5,0%). Os menores crecementos rexístranse en Galicia (1,5%) e Extremadura (1,6%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Decembro 2023



Na media do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (10,5%) e Madrid (8,1%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,2%) e Navarra (2,8%).


3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 3,9% en Galicia no mes de decembro de 2023, e un 5,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 6,0% en Galicia e do 7,6% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 9,6% e no Resto de produtos un 3,3%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 8,8% nas vendas en Alimentación e do 6,6% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2023

| Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes | Índice | Variacións (%) | |
|-------------------------------------------------------------------------------------------|--------|----------------|------------|
| | | Interanual | Media 2023 |
| Xeral | 158,5 | 3,9 | 5,9 |
| Xeral sen estacións de servizo | 161,9 | 6,0 | 8,2 |
| Alimentación | 158,5 | 9,6 | 11,4 |
| Resto | 163,6 | 3,3 | 5,9 |



Na media do ano, o índice xeral aumenta un 5,9% en Galicia e un 8,9% en España. As vendas en Alimentación crecen un 11,4% en Galicia e un 12,6% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 5,9% en Galicia e un 10,0% en España.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,4% no mes de decembro en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.

No conxunto do ano, a ocupación aumenta un 1,0% en Galicia e un 1,8% en España.


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en decembro en todas as comunidades autónomas agás Extremadura (-0,2%). Os maiores incrementos rexístranse en Madrid (3,8%) e Aragón (3,0%).

Na media do ano 2023, os maiores incrementos preséntanse en Illes Balears (4,3%) e Canarias (3,3%) mentres que tres comunidades perden persoal ocupado: Asturias (-1,1%), La Rioja (-0,2%) e Murcia (-0,1%).

Índice xeral de ocupación. Decembro 2023

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Decembro 2023

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|------------|-------------------|----------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2023 | | INTERANUAL | MEDIA 2023 |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 158,5 | 3,9 | 5,9 | 127,9 | 1,5 | 3,2 |
| Xeral sen estacións de servizo | 161,9 | 6,0 | 8,2 | 130,6 | 3,8 | 4,6 |
| Alimentación | 158,5 | 9,6 | 11,4 | 115,1 | 3,0 | 0,4 |
| Resto | 163,6 | 3,3 | 5,9 | 146,4 | 5,7 | 10,1 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 160,4 | 5,8 | 8,9 | 130,1 | 3,4 | 6,1 |
| Xeral sen estacións de servizo | 162,7 | 7,6 | 11,1 | 132,6 | 5,5 | 7,5 |
| Alimentación | 164,6 | 8,8 | 12,6 | 119,9 | 2,0 | 1,4 |
| Resto | 161,2 | 6,6 | 10,0 | 147,3 | 9,9 | 14,9 |

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por B.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Decembro 2023

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|------------|-------------------|----------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2023 | | INTERANUAL | MEDIA 2023 |
| Galicia | | | | | | |
| Xeral | 137,6 | 5,8 | 6,1 | 110,0 | 3,4 | 3,4 |
| Xeral sen estacións de servizo | 135,9 | 8,1 | 8,5 | 110,8 | 6,4 | 4,8 |
| Alimentación | 132,5 | 11,5 | 11,7 | 96,2 | 4,6 | 0,5 |
| Resto | 138,7 | 4,9 | 6,0 | 126,3 | 8,3 | 10,2 |
| España | | | | | | |
| Xeral | 138,8 | 5,9 | 8,9 | 112,1 | 3,1 | 6,0 |
| Xeral sen estacións de servizo | 137,9 | 7,3 | 11,0 | 112,3 | 4,7 | 7,3 |
| Alimentación | 142,4 | 8,8 | 12,2 | 103,3 | 1,2 | 1,1 |
| Resto | 134,5 | 6,3 | 9,8 | 124,3 | 9,3 | 14,6 |

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por B.N.E.

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Decembro 2023

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) | |
|----------------------|--------------|----------------|------------|----------------------|----------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2023 | | INTERANUAL | MEDIA 2023 |
| ESPAÑA | 160,4 | 5,8 | 8,9 | 130,1 | 3,4 | 6,1 |
| Andalucía | 157,4 | 7,0 | 9,1 | 127,9 | 4,3 | 6,0 |
| Aragón | 156,9 | 4,9 | 5,4 | 127,5 | 3,3 | 3,5 |
| Asturias | 143,3 | 3,8 | 7,2 | 117,8 | 1,9 | 4,8 |
| Balears, Illes | 144,6 | 8,3 | 13,3 | 118,0 | 5,6 | 10,5 |
| Canarias | 169,3 | 7,4 | 12,0 | 136,7 | 3,5 | 7,3 |
| Cantabria | 154,8 | 6,1 | 8,5 | 124,5 | 3,5 | 5,2 |
| Castilla y León | 145,5 | 4,0 | 4,6 | 116,2 | 2,1 | 2,2 |
| Castilla-La Mancha | 159,8 | 6,3 | 8,1 | 126,5 | 3,6 | 5,5 |
| Cataluña | 153,0 | 7,4 | 9,4 | 123,4 | 5,0 | 6,9 |
| Comunitat Valenciana | 158,9 | 6,4 | 10,0 | 130,8 | 4,0 | 7,5 |
| Extremadura | 137,3 | 4,0 | 6,4 | 111,5 | 1,6 | 3,4 |
| GALICIA | 158,5 | 3,9 | 5,9 | 127,9 | 1,5 | 3,2 |
| Madrid | 190,4 | 3,9 | 10,8 | 156,3 | 1,7 | 8,1 |
| Murcia, Región de | 150,7 | 4,8 | 6,2 | 123,1 | 2,4 | 3,0 |
| Navarra | 148,3 | 4,6 | 5,5 | 118,2 | 2,4 | 2,8 |
| País Vasco | 155,3 | 5,3 | 7,1 | 125,5 | 3,0 | 4,3 |
| Rioja, La | 159,0 | 4,1 | 7,1 | 128,9 | 2,0 | 5,1 |
| Ceuta | 119,3 | 5,7 | 10,0 | 96,4 | 2,4 | 5,4 |
| Melilla | 109,8 | 6,6 | 7,5 | 87,7 | 3,1 | 2,7 |

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Decembro 2023

| | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) | |
|--------------------------------|--------|----------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2023 |
| Galicia | | | |
| Xeral | 107,3 | 0,4 | 1,0 |
| Xeral sen estacións de servizo | 106,8 | 0,3 | 1,0 |
| España | | | |
| Xeral | 108,2 | 1,8 | 1,8 |
| Xeral sen estacións de servizo | 108,2 | 1,8 | 1,8 |

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.
Decembro 2023**

| | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) | |
|----------------------|--------------|---------------|------------|
| | | INTERANUAL | MEDIA 2023 |
| ESPAÑA | 108,2 | 1,8 | 1,8 |
| Andalucía | 105,9 | 2,5 | 1,4 |
| Aragón | 108,8 | 3,0 | 1,2 |
| Asturias | 103,0 | 1,3 | -1,1 |
| Baleares, Illes | 110,7 | 2,8 | 4,3 |
| Canarias | 112,1 | 2,7 | 3,3 |
| Cantabria | 104,1 | 1,0 | 0,7 |
| Castilla y León | 108,3 | 1,6 | 1,2 |
| Castilla-La Mancha | 107,7 | 1,8 | 1,9 |
| Cataluña | 105,3 | 0,5 | 2,2 |
| Comunitat Valenciana | 114,3 | 1,8 | 2,9 |
| Extremadura | 107,1 | -0,2 | 1,6 |
| GALICIA | 107,3 | 0,4 | 1,0 |
| Madrid | 110,8 | 3,8 | 1,5 |
| Murcia | 104,3 | 0,4 | -0,1 |
| Navarra | 105,3 | 1,4 | 0,2 |
| País Vasco | 108,5 | 0,2 | 1,3 |
| Rioja, La | 109,2 | 0,1 | -0,2 |
| Ceuta | 100,8 | 0,1 | -1,1 |
| Melilla | 101,9 | 0,3 | 0,9 |

Fonte: INE